

PALABRA DE VIDA

Outubro 2025

«O meu auxilio vénme do Señor, que fixo o ceo e a terra» (Sal 121, 2).

Quen non sentiu algunha vez na vida que non pode máis?

É o que lle pasa ao autor do salmo 121, que pasa por circunstancias difíciles e pregúntase de onde lle pode vir a axuda que necesita.

A resposta é a afirmación da súa fe en Deus, en quen confía. A convicción coa que fala do Señor, que vela e protexe a cada un e a todo o pobo, expresa unha certeza que parece nacer dunha profunda experiencia persoal.

«O meu auxilio vénme do Señor, que fixo o ceo e a terra».

En efecto, o resto do salmo é o anuncio dun Deus poderoso e amoroso que creou todo o que existe e protéxelo día e noite. O Señor «non deixa titubear o teu pé, non dorme o teu gardián» (Sal 121, 3), afirma o salmista, desexoso de convencer a quen o lea.

Envolvido en dificultades, o autor levantou os ollos (cf. v. 1), buscou onde agarrarse fora de si e da súa contorna máis inmediata e atopou unha resposta.

Experimentou que a axuda vén daquel que pensou e deu vida a cada criatura e segue sosténdoa en todo momento, sen abandoala nunca (cf. v. 8).

Cre firmemente neste Deus que vela noite e día sobre o pobo enteiro –é «o gardián de Israel» (v. 4)–, ata tal punto que non pode deixar de comunicalo aos demais.

«O meu auxilio vénme do Señor, que fixo o ceo e a terra».

«Nos momentos de incerteza, angustia e vacilación, Deus quere que creamos no seu amor e pídenos un acto de confianza. [...] quere que aproveitemos estas penosas circunstancias para demostrarlle que cremos no seu amor. O cal significa ter fe en que el é o noso Pai e pensa en nós. Lanzar nel todas as nosas preocupacións. Cargalas sobre el»¹.

Pero de que modo chéganos a cada un a axuda que vén de Dios?

A Escritura narra moitos episodios nos que isto se concreta a través da acción de homes e mulleres –como Moisés, Elías, Eliseo ou Ester– chamados a ser instrumentos da solicitude de Dios polo pobo ou por algunha persoa en particular.

Tamén nós, se «levantamos a mirada», recoñeceremos a acción de persoas que, conscientemente ou non, acoden na nosa axuda, e estaremos agradecidos a Deus, de quen procede en última instancia todo ben (El creou o corazón de cada un) e poderemos testemuñalo aos demais.

Por suposto, é difícil darse conta diso se estamos encerrados en nós mesmos e se, nos momentos difíciles, pensamos en como saír adiante só coas nosas forzas.

¹ C. Lubich, Conexión CH, 26–3–1987: *Buscando las cosas de arriba*, Ciudad Nueva, Madrid 1993, p. 31.

En cambio, cando nos abrimos, miramos ao redor e levantamos os ollos, descubrimos que tamén nós podemos ser instrumentos de Deus que se ocupa dos seus fillos. Dámonos conta das necesidades dos demais e podemos ser unha axuda preciosa para outros.

«O meu auxilio vénme do Señor, que fixo o ceo e a terra».

Conta Roger, de Costa Rica: «Un sacerdote que coñecía anuncioume que ía vir a verme unha persoa para recoller uns cueiros para adultos que lle ofrecía o grupo solidario do que formo parte, sabendo que un fregués seu necesitábaos. Mentras esperábo, vin pasar por diante a unha veciña que estaba a pasar por unha situación moi difícil, e deille os últimos sete ovos que tiña, e outras cousas para comer. quedou sorprendida porque non tiña nada para comer, nin ela, nin o seu marido nin os seus fillos. Lembreille a a invitación de Xesús: “Pedide e darásevos” (Mt 7, 7), subliñando que el está atento ás nosas necesidades. Volveu a casa feliz e agradecida a Deus.

Pola tarde chegou a casa a persoa enviada polo sacerdote. Ofrecinlle un café. Era camioneiro, e falando, preguntalle que transportaba. “Ovos”, díxome, e regaloume 32».

Silvano Malini e o equipo da Palabra de Vida